



TRABALLOS EN CUBERTAS O IMPORTANTE É BAIXAR CON VIDA

VAS TRABALLAR SOBRE UN TELLADO? ISTO INTERÉSACHE

Define como se van realizar os traballos tras valorar estas cuestións.



Se tes que realizar un traballo sobre un tellado, segue estes pasos:

1- RECOMPILACIÓN DE INFORMACIÓN

O **promotor/titular do edificio** recompilará información sobre a cuberta. Os posibles **contratistas** completarán, como mínimo, cunha visita previa ao edificio para poder orzar os traballos adecuadamente.

PROMOTOR/TITULAR DO EDIFICIO
Quen paga os traballos.

CONTRATISTA
A quen o promotor/titular do edificio lle encarga os traballos.

TRABALLADORES.
Persoas que executan os traballos.

2- SELECCIÓN DE CONTRATISTA

O **promotor/titular do edificio** seleccionará un contratista cos medios necesarios e con traballadores formados para traballar en cubertas de forma segura.

3- PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS

O **contratista** determinará o procedemento de traballo describindo as tarefas e a orde na que se realizarán, quen e como as vai executar e como se actuará en caso de emerxencia.

4- PREPARACIÓN DOS TRABALLOS

O **contratista** proporcionará aos traballadores os medios necesarios e a formación adecuada para executar a actividade de forma segura e eficiente. O **contratista** designará un responsable de supervisar os traballos.

6- FINALIZACIÓN DOS TRABALLOS

O **contratista** trasladará ao promotor/titular do edificio toda a información e a documentación referente ao uso e mantemento dos elementos da cuberta sobre os que interveu, así como todo o que resulte relevante para que as futuras actuacións se poidan realizar de forma segura.

5- EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

O responsable de supervisar os traballos revisará o procedemento xunto cos traballadores. Os traballadores executarán as tarefas conforme o procedemento establecido e cumprarán as normas de seguridade. O responsable comprobará que así se fai.

Infórmate sobre as características da cuberta para planificar os traballos con seguridade.

